


Gozos visuais

LIX Dous títulos que fan da imaxe mestría á hora de narrar, simbolizar e provocar o pracer lector



Diablote // Elena Val

O álbum ilustrado –que en América Latina chaman libro-álbum– ten o acerto de non levar na súa contra-capá a idade para a

que é recomendado. Isto obriga ao adulto mediador a ser el o que, despois de ler e observar con atención, o pon nas mans do lector ou lectora para o que considera que é máis

axeitado, cumprindo así o máis elevado fin da súa mediación: procurar a adecuación entre libro e lector. Vexamos aquí dous exemplos de álbums para o neno ou a nena

que comeza a ler os textos e que xa é quen de entender certos simbolismos gráficos.

O prestixioso premio de álbum ilustrado Apel·les Mestres do ano 2002 foi para *Banyeta (Diablote)*, cuxo texto era da autoría da recoñecida escritora e estudosa do xénero Teresa Durán e con ilustracións de Neus Bruguera. Ekaré reedita este álbum con nova achega plástica, agora de Elena Val.

O texto, medido e brillante, determina de forma substancial a estrutura da obra, xa que os escenarios son lugares definidos por cinco cores. A historia que se nos conta é a dun pequeno demo que, farto de vivir no inferno, lugar monocromo vermello, onde, como dixo Mark Twain, o peor é o clima, decide utilizar o seu rabo como resorte que o leve a outro lugar máis acolledor. Dá no Polo, lugar branco que tampouco lle vale. Despois visitará o amarelo deserto, a verde selva e o mar azul, lugar, este último, que parece complacelo, aínda que un final algo aberto nos deixa ao demanchiño co rabo enroscado e disposto a saltar en calquera momento.

Pensado para rapaces aínda non autónomos no exercicio da lectura, Elena Val enche as dobres páxinas, con base das cinco cores definitivas dos cinco lugares que visita o demiño, de figuras moi graciosas e cheas de detalles que incrementan as posibilidades narrativas deste álbum cando o lector infantil sexa guiado a reparar nelas. Son especialmente atractivas as do inferno, lugar onde a ilustradora obriga a *Diablote* a compartir protagonismo con outros seres cornamentados de todo oficio e condición.

Támén premiado, neste caso co Premio Compostela de 2010, Kalandraka ofrécenos *A familia C* de Pep Bruno e Mariona Cabassa. O primeiro é un ben coñecido narrador oral, escritor e editor, e a ilustradora obtivo nos anos 2003 e 2009 o Premio da Asociación Profesional de Ilustradores de Cataluña.

O texto, ben reducido e dunha sinxeleza extrema, conta a historia dunha familia que harmoniza o convencional co peculiar e ten a función de introdutor e provocador da compoñente plástica do álbum. Así anúncianos unha parte do que Cabassa vai completar cunha técnica que combina con mestría o colaxe e as figuras debuxadas, para chegar a unha historia chea de gozos visuais. Certas alteracións posicionais das figuras na dobre páxina, a presenza de raiados e espazos baleiros, achegan un dinamismo moi atractivo, propio do camiño cara a un final que non por ser pouco sorprendente deixa de ser moi gratificante. Un final que fará ao lector volver atrás para comprender por que a familia C é tan peculiar. // **Xabier P. DoCampo**

Diablote ·
Teresa Durán,
Elena Val (il.) ·
Ekaré, 2010 ·
28 páx · 8,60 euros



A familia C ·
Pep Bruno,
Mariona Cabassa (il.) ·
Kalandraka, 2010 ·
32 páx · 13 euros

